



**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **10 de outubro de 2022** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

I.- Expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Pena de Cabras", "Costa da Agrela", "A Costa", "Xenestévez", "O Iglesiasario", "Costa do Riveiro", "A Costa do Porto da Vila 1" e "A Costa do Porto da Vila 2", a favor dos veciños da parroquia de Xestosa, pertencentes ao concello de Toén. Comparecen en representación dos veciños Rogelio Penelas Álvarez e Castor Sabucedo Vidal.

Durante a tramitación do procedemento presentaron escritos de alegacións M<sup>a</sup>. del Carmen Vidal Vidal e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. M<sup>a</sup>. del Carmen Vidal Vidal afirma que a parcela co número de referencia catastral 32082A03400120LX é da súa propiedade. Presenta en apoio da súa reclamación un documento particional no que figura o cupo correspondente a súa nai Casilda Vidal López, así como a autoliquidación do imposto de sucesións devengado como consecuencia do falecemento de Casilda Vidal López, no cal segundo a interesada figura a parcela 32082A03400120LX. Tamén presenta un informe pericial realizado por un enxeñeiro agrónomo no que se recoñecen e identifican fincas da súa propiedade.

Pola súa parte, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil presentou un escrito de alegacións no que solicita a exclusión da parcela con referencia catastral 32082A06309004, xa que a mesma se corresponde co leito do regato de Xestosa, e que a mesma polo tanto ten a condición de dominio público hidráulico.

Os representantes da comunidade manifestan que non se opoñen a exclusión das citadas fincas.

Polo que o Xurado Provincial acordou a clasificación do monte veciñal, coa exclusión das parcelas catastrais 32082A03400120LX e 32082A06309004.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado  
Luis Jorge Álvarez Ferro

SERVIZO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO  
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo  
32071 Ourense  
Tel: +34 988 386 486  
xuridico.mediorural.ourense@xunta.gal  
mediorural.xunta.gal



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*EDICTO do 10 de novembro de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, e A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, a favor dos veciños/as da parroquia de Xestosa (Santa María), no concello de Toén (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 10 outubro de 2022, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, e A Costa do Porto da Vila 1 e a A Costa do Porto da Vila 2, a favor dos veciños/as da parroquia de Xestosa (Santa María), no concello de Toén (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 27 de xullo de 2018, tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños da parroquia de Xestosa, en que solicitaban a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, e A Costa do Porto da Vila 1 e a A Costa do Porto da Vila 2.

Segundo. Con data do 23 de novembro de 2021, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designar instructor e realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.



Terceiro. Durante a tramitación do procedemento presentaron escritos de alegacións M<sup>a</sup> del Carmen Vidal Vidal e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. M<sup>a</sup> del Carmen Vidal Vidal afirma que a parcela co número de referencia catastral 32082A03400120LX é da súa propiedade. Presenta en apoio da súa reclamación un documento particional en que figura o cupo correspondente á súa nai Casilda Vidal López, así como a autoliquidación do imposto de sucesións devindicado como consecuencia do falecemento de Casilda Vidal López, no cal segundo a interesada figura a parcela 32082A03400120LX. Tamén presenta un informe pericial realizado por un enxeñeiro agrónomo en que se recoñecen e identifican predios da súa propiedade.

Pola súa parte, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil presentou un escrito de alegacións en que solicita a exclusión da parcela con referencia catastral 32082A06309004, xa que esta se corresponde co leito do regato de Xestosa e, polo tanto, ten a condición de dominio público hidráulico.

Os representantes da comunidade manifestaron na sesión celebrada o día 10 de outubro de 2022 que non se opoñen a exclusión dos citados predios.

Polo que o Xurado Provincial acordou a clasificación do monte veciñal, coa exclusión das parcelas catastrais 32082A03400120LX e 32082A06309004.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Iglesiasio, Costa do Riveiro, e A Costa do Porto da Vila 1 e a A Costa do Porto da Vila 2.

Superficie: 39,32 ha.

Pertenza: CMVMC da parroquia de Xestosa.

Parroquia(s): Xestosa (Santa María).

Concello: Toén.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

Predio 1: Pena de Cabras:

Estes terreos constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. As parcelas catastrais están



separadas polos camiños coas referencias catastrais 32082A03409013, 32082A06309003 e 32082A06409006, e máis por un regato con referencia 32082A06309004.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
	Lindeiros	Referencia catastral
32082A03400200	Norte	32082A06400089
32082A03409006		32082A06400095
32082A03409013		32082A06400096
32082A06300174		32082A06400094
32082A06300175		32082A06400097
32082A06300224		(resto)
32082A06300342		32082A06400098 (resto)
32082A06300395		32082A06409006 (resto)
32082A06300396		
32082A06300397		Leste
32082A06300398		32082A06400104
32082A06300399	Sur	32082A01909034
32082A06300400		32082A02109029
32082A06300401		32082A06400042
32082A06300402		32082A06400041
32082A06300403		32082A06400040
32082A06300404		32082A06400039
32082A06300405		32082A06400038
32082A06300420		32082A06400037
32082A06309003 (parte)		32082A06400036
32082A06400097 (parte)		32082A06400035
32082A06400098 (parte)		32082A06400034
32082A06400105		32082A06400033
32082A06400106		32082A06400032
32082A06409006 (parte)		32082A06400031
		32082A06400030
		32082A06400029
		32082A06400028
		32082A06400027
		32082A06400026
		32082A06400025
	32082A06400024	
	32082A06400023	
	32082A06400131	
	32082A06400130	
	32082A06400133	
	32082A06400021	
	32082A06409003	
	32082A06400043	
	32082A06400044	
	32082A06400045	
	32082A06400046	
	32082A06400047	
	32082A06400048	
	32082A06400049	
	32082A06400050	
	32082A06400051	
	32082A06400052	



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
		32082A06400053 32082A06400054 32082A06400058 32082A06400059 32082A06400060 32082A06400072 32082A06400064 32082A06400065 32082A06400066 32082A06400067 32082A06400063 32082A06400062 32082A06400061 32082A06400057 32082A06400074 32082A06400075 32082A06400076 32082A06400077 32082A06400078 32082A06400079 32082A06400080 32082A06309004 32082A06300419 32082A06300418 32082A06300417 32082A06300416 32082A06300389 32082A06300390 32082A06300386 32082A06300385 32082A06300384 32082A06300383 32082A06300382 32082A06300381 32082A06300380 32082A06300379 32082A06300378 32082A06300377 32082A06300376 32082A06300375 32082A06300374 32082A06300373 32082A06300372 32082A06300429 32082A06300371 32082A06300370 32082A06300369 32082A06300368 32082A06300367 32082A06309003 (resto) 32082A06300361

CVE-DOG: vqcmqw4-aph3-cp14-ako8-vte00hzrulb7



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
		32082A06300362 32082A06300363 32082A06300364 32082A06300306 32082A06300311 32082A06300312 32082A06300318 32082A06300314 32082A06300315 32082A06300316 32082A06300317 32082A06300320 32082A06300321 32082A06300223 32082A06300222 32082A06300248 32082A06300247 32082A06300186 32082A06300185 32082A06300183 32082A06300182 32082A06300180 32082A06300176 32082A03409013 (resto)
	Oeste	32082A03400252 32082A03409013 (resto) 32082A03400173 32010A03400250 32082A03409006 (resto) 32082A03400239 32082A03400213 32082A03400212 32082A03400208 32082A03400207 32082A03400211 32082A03400210 32082A03400209 32082A06300126 32082A06300127 32082A06300128 32082A06300129 32082A06300130 32082A06300131 32082A06300150 32082A06300151 32082A06300426 32082A06300154 32082A06300155 32082A06300156

CVE-DOG: vqcrmqw4-aph3-cp14-ako8-vte00hzrulb7



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
		32082A06300160 32082A06300159 32082A06309004 32082A06400081 32082A06409000 (resto) 32082A06400083 32082A06400082 32082A06400087 32082A06400088 32082A06400089

A consideración de couto redondo deste predio require a inclusión dun tramo duns 20 m dun regato (regato da Xestosa) que, en unión do camiño 32082A06409006, permite conectar as áreas oriental e occidental do predio. Non obstante, advírtese da condición formal de dominio público hidráulico que ten a parcela do regato.

Predio 2: A Costa.

Estes terreos constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. As parcelas catastrais están separadas polo camiño coa referencia catastral 32082A06309002.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
32082A06300392 32082A06300393 32082A06300394 32082A06309002 (parte)	Norte	32082A06309002 (resto) 32082A06300066 32082A06300065 32082A06300083 32082A06300084 32082A06300085 32082A06300086 32082A06300087 32082A06300088 32082A06300089
	Leste	32082A06300090 32082A06300091 32082A06300425 32082A06300092 32082A06300159 32082A06300158 32082A06300157 32082A06300156 32082A06300155



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
		32082A06300154 32082A06300426
	Sur	32082A06300426 32082A06309002 (resto) 32082A06300165 32082A06300172 32082A06300171 32082A06400169 32082A06300167 32082A06300166
	Oeste	32082A06300110 32082A06300111 32082A06300060 32082A06300061 32082A06300062 32082A06300063 32082A06300064 32082A06300065

Predio 3: Xenestévez.

Estes terreos constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. As parcelas catastrais están separadas polos camiños coas referencias catastrais 32082A03909014, 32082A03909013, 32082A03409006, 32082A03409012, 32082A02309003 e 32082A02109008.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
32082A03900413 (parte) 32082A03909014 (parte) 32082A03900414 (parte) 32082A03900405 (parte) 32082A03409013 (parte) 32082A03400118 (parte) 32082A03409006 (parte) 32082A03400275 32082A03400274 32082A03400121 32082A03400122 32082A03400345 (parte) 32082A03400346 (parte) 32082A03409007 (parte) 32082A03400125 32082A03400344 (parte)	Norte	32082A03900405 (resto) 32082A03909014 (resto) 32082A03900414 (resto) 32082A03900413 (resto)



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
32082A03409012 32082A03400343	Leste	32082A03900407 32082A03900406 32082A03900404 32082A03900390 32082A03900201 32082A03900202 32082A03900203 32082A03900204 32082A03900206 32082A03900207 32082A03900208 32082A03900212 32082A03900213 32082A03900214 32082A03900215 32082A03900218 32082A03900219 32082A03900220 32082A03900221 32082A03900222 32082A03900223 32082A03900224 32082A03900225 32082A03900226 32082A03900227 32082A03900228 32082A03900229 32082A03900230 32082A03409006 (resto) 32082A03400273 32082A03400124 32082A03400123 32082A03400358 32082A03409007 (resto) 32082A03400158 32082A03400160 32082A03400161 32082A03400162 32082A03400163 32082A03400164 32082A03400169 32082A03400364 32082A03400175 32082A03400176 32082A03400177 32082A03400178 32082A03400179 32082A03400170
	Sur	32082A02309003
	Oeste	32082A02509005 32082A03209001 32082A03400344 (resto)

CVE-DOG: vqcrmqw4-aph3-cp14-ako8-vfe00hzrulb7



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
		32082A03409007 (resto) 32082A03400345 (resto) 32082A03400120 32082A03409006 (resto) 32082A03400346 (resto) 32082A03400118 (resto)

**Predio 4: O Iglesiasio.**

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
32082A01200007	Norte	32082A01209001 32082A01200005
	Leste	32082A01200005
	Sur	32082A01200008 32082A01200010 32082A01200009 32082A01200587
	Oeste	32082A01209001

**Predio 5: Costa do Riveiro.**

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
32082A06400108 32082A06409004 (parte) 32082A06400109	Norte	32082A06400020 32082A06400022 32082A06400023 32082A06400024 32082A06400025 32082A06400026 32082A06400027 32082A06400028
	Leste	32082A06400107 32082A02109029
	Sur	32082A02109029
	Oeste	32082A06400017 32082A06409004 (resto) 32082A06400018 32082A06400019



**Predio 6: A Costa da Vila do Porto 1.**

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
32082A01200322	Norte	32082A01200321
	Leste	32082A01200262
	Sur	32082A01200263
	Oeste	32082A01200307

**Predio 7: A Costa da Vila do Porto 2.**

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	Referencia catastral
32082A01200465	Norte	32082A01209003
	Leste	32082A01209005
	Sur	32082A01200464
	Oeste	32082A01200466

**Fundamentos de dereito:**

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemen-



te da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

**RESOLVE:**


Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Iglesias, Costa do Riveiro, e A Costa do Porto da Vila 1 e a A Costa do Porto da Vila 2, a favor dos veciños/as da parroquia de Xestosa (Santa María), no concello de Toén (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 10 de novembro de 2022

O presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense  
P.S. (Resolución do 12.7.2022)  
José Antonio García Rodríguez  
Xefe do Servizo Xurídico-Administrativo









**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
 SERVIZO DE Montes de Ourense  

**Xacobeo 21-22**

**PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DO MVMC "DE XESTOSA" A FAVOR DA CMVMC DE XESTOSA, NO CONCELLO DE TOÉN**

ESCALA 1:5500	NOVEMBRO DE 2021
SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89	
COORDENADAS UTM FUSO 29	
BASE CARTOGRÁFICA: PNOA 2020 e CARTOGRAFÍA VECTORIAL DO "DIRECCIÓN XERAL DE CATASTROS" ACTUALIZADA A NOVEMBRO DE 2021	


**PARCELAS PROPOSTAS PARA CLASIFICACIÓN**  
 **PARCELAS EXCLUIDAS DA CLASIFICACIÓN**  
 **PARCELAS CATASTRAIS DE TOÉN**



**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **14 de maio de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

X.- Solicitud de deslinde entre o MVMC "Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo", pertencente á CMMVVMC da parroquia de Toén, e os MVMC Xestosa, e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencentes á CMVMC da parroquia de Xestosa, no concello de Toén.

O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 3 de xullo de 2023 considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación no tramo lindeiro dos MMVVMC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo e Xestosa, comprendido entre os puntos con pares de coordenadas X: 584.663 - Y: 4.682.373 (vértice 1, Penedo do Piñeiral) e X: 584.029 - Y: 4.683.637; e máis no tramo lindeiro dos MMVVMC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro d'Almorzo e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, comprendido entre os puntos X: 583.915 - Y: 4.683.870 e X: 583.786 - Y: 4.684.191 (vértice 3).

O Xurado Provincial, de acordo co informe do servizo de Montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 28 de maio de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 27 de maio de 2024 relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes do monte veciñal en man común Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro de Almorzo, e os de Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, no concello de Toén.*

Unha vez examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro de Almorzo, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) da parroquia de Toén, e os de Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencentes á CMVMC da parroquia de Xestosa, no concello de Toén, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro. O 13.6.2023 a CMVMC da parroquia de Toén presentou un escrito (Rexel 2023/1746196) en que solicitan a aprobación dun deslindamento coa CMVMC da parroquia de Xestosa.

Coa solicitude achegouse a seguinte documentación:

- Acta de deslindamento.
- Certificacións de aprobación das respectivas asembleas xerais.
- Planos do deslindamento.
- Acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz de Toén.

Segundo. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense do 3 de xullo de 2023 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslinda-



mento parcial do perímetro estremeiro entre o MVMC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro de Almorzo, pertencente á CMVMC da parroquia de Toén, e os montes Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencentes á CMVMC da parroquia de Xestosa, desde o vértice 1 (o situado máis ao S) ata o vértice 3 (o situado máis ao N).

Logo de analizar os vértices e a súa localización, obsérvase que:

- O punto inicial da liña (vértice 1, Penedo do Piñeiral) coincide co punto final da liña de deslindamento da parroquia de Toén-Trellerma (vértice 5) e mais co punto inicial da liña parroquia de Xestosa-Moreiras e Trelle (vértice 1); estas últimas recoñecen e validan implicitamente a confluencia das catro citadas comunidades (Toén-Xestosa-Trellerma-Moreiras e Trelle) no punto en cuestión.

- O punto final da liña (vértice 3) coincide co punto final da liña de deslindamento parroquia de Toén-parroquia de Puga (vértice 10) e mais co punto inicial da liña parroquia de Xestosa-parroquia de Puga (vértice 1); estas últimas recoñecen e validan implicitamente a confluencia das tres citadas comunidades (Toén-Xestosa-Puga) no punto en cuestión.

- Entre os puntos con pares de coordenadas X: 584.663-Y: 4.682.373 (vértice 1, Penedo do Piñeiral) e X: 584.029-Y: 4.683.637 o deslindamento afecta o MVMC Xestosa, mentres que no tramo comprendido entre as coordenadas X: 583.915-Y: 4.683.870 e X: 583.786-Y: 4.684.191 (vértice 3) o deslindamento afecta o MVMC Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2. Pola contra, entre os puntos X: 584.029-Y: 4.683.637 e X: 583.915-Y: 4.683.870, situados entre os vértices 1 e 3 da liña avinzada, non hai veciñanza formal entre as comunidades conciliantes.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que lle propón ao Xurado Provincial a súa aprobación no tramo lindeiro dos MMVMMCC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro de Almorzo e Xestosa, comprendido entre os puntos con pares de coordenadas X: 584.663-Y: 4.682.373 (vértice 1, Penedo do Piñeiral) e X: 584.029-Y: 4.683.637, e mais no tramo lindeiro dos MMVMMCC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro de Almorzo e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, comprendido entre os puntos X: 583.915-Y: 4.683.870 e X: 583.786-Y: 4.684.191 (vértice 3).



## Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se deberá seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará a resolución correspondente, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 3 de xullo de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 14 de maio de 2024:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras do MVMC Val do Dorno, Montemiau, Costa dos Marcos, Costa do Muíño Novo e Outeiro de Almorzo, pertencente á CMVMC da parroquia de Toén, e dos MMVMMCC Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencentes á CMVMC da parroquia de Xestosa, no concello de Toén.




Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso postestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 28 de maio de 2024

Luis Jorge Álvarez Ferro  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense





-  Liña poligonal e puntos acordados entre as CMMVVMC das parroquias de Xestosa e Toén. 2,019 km
-  Punto acordado entre as CMMVVMC das parroquias de Xestosa e Toén.
-  Límite de recinto de parcelas SIXPAC 2020. Ortofoto PNOA 2020.

PROYECTO DE: Conciliación de lindeiros entre os M.M.V.V.M.C. das parroquias de Toén e Xestosa, no T.M. de Toén. Ourense.	FECHA: <b>NOVIEMBRE 2022</b> ESCALA: <b>1 : 10.000</b>
TITULO DEL PLANO: <b>Plano de ubicación</b>	FIRMA:  PLANO Nº: <div style="font-size: 2em; font-weight: bold; text-align: center;">2</div>

**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **24 de xuño de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

III.- Solicitud de deslinde entre o MVMC "Xestosa" e "Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2", pertencentes á CMMVVMC da parroquia da Xestosa, e o MVMC "A Fenteira", pertencente á CMMVVMC da parroquia de Puga, no concello de Toén .

O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 4 de xullo de 2023 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento parcial do perímetro estremeiro entre o MVMC A Fenteira pertencente á CMMVVMC da Pquia. de Puga, e mailos montes Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2 pertencentes á CMMVVMC da Pquia. de Xestosa, dende o vértice 1 (o situado máis ao E) ata o vértice 13 (o situado máis ao O).

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación

O Xurado Provincial, de acordo co informe favorable do Servizo de Montes do 4 de xullo de 2023, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 2 de xullo de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 1 de xullo de 2024, relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, e o da Fenteira, no concello de Toén.*

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Xestosa, e o da Fenteira, pertencente á CMVMC de Puga, no concello de Toén, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro. O 13.6.2023, a CMVMC da parroquia de Xestosa presentou un escrito (Rexel 2023/1749402), en que solicitan a aprobación dun deslindamento coa CMVMC da parroquia de Puga.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Acta de deslindamento.
- Certificacións de aprobación das respectivas asembleas xerais.
- Planos do deslindamento.
- Acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz de Toén.

Segundo. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense do 17 de xullo de 2023 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento parcial do perímetro estremeiro entre o MVMC A Fenteira, pertencente á CMVMC da parroquia de Puga, e os montes Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencentes á



CMVMC da parroquia de Xestosa, desde o vértice 1 (o situado máis ao L) ata o vértice 13 (o situado máis ao O).

Logo de analizar os vértices e a súa localización obsérvase que:

- O punto inicial da liña (vértice 1) coincide co punto final da liña de deslindamento parroquia de Toén-parroquia de Xestosa (vértice 3) e máis co punto final da liña parroquia de Toén-parroquia de Puga (vértice 10).

- Non existe veciñanza formal entre a parroquia de Xestosa e a de Puga nos seguintes tramos:

1. Entre os puntos con pares de coordenadas X: 583.449 - Y: 4.684.214 e X: 583.291 - Y: 4.684.240, situados entre os vértices 2 e 4 (Alto Ventosa) da conciliación.

2. Entre os puntos con pares de coordenadas X: 583.039 - Y: 4.684.130 e X: 582.991 - Y: 4.684.045, situados entre os vértices 4 (Alto Ventosa) e 5.

3. Entre os puntos con pares de coordenadas X: 582.929 - Y: 4.683.872 e X: 582.824 - Y: 4.683.809, situados entre os vértices 4 (Alto Ventosa) e 5.

- Entre os vértices 4 e 9 e entre o 10 e o 12, o deslindamento non vén definido pola liña recta que une os vértices, senón que se axusta a diversas referencias ou elementos de carácter lineal citados na propia acta do deslindamento, en concreto:

1. Á marxe L do camiño correspondente coa R.C. 32082A06309005 e á marxe S do camiño con R.C. 32082A03909014, entre as coordenadas X: 583.042 - Y: 4.684.137 e X: 582.839 - Y: 4.683.816 (tramo situado entre os vértices 4 e 5).

2. Á traza dun muro baixo de pedra entre as coordenadas X: 582.839 - Y: 4.683.816 e X: 582.550 - Y: 4.683.550 (tramo 4-5), incluída unha pequena discontinuidade no muro, duns 25 m de lonxitude, definida polos puntos X: 582.772 - Y: 4.683.767, X: 582.764 - Y: 4.683.760 e X: 582.749 - Y: 4.683.756.

3. Á traza dun muro baixo de pedra (continuación do anterior) entre os vértices 5 e 6.

4. Á marxe N do camiño correspondente coa R.C. 32082A03409006, entre os vértices 6 e 7.



5. Á marxe S do camiño correspondente coa R.C. 32082A03409006, entre os vértices 7 e 8.

6. Á marxe O do camiño asfaltado coa R.C. 3208203209001 (estrada OUR-CV-87 Xestosa), entre os vértices 8 e 9.

7. A un valado de postes entre os vértices 10 e 12.

O servizo de montes propón a aprobación do deslindamento nos tramos comprendidos entre os puntos con pares de coordenadas X: 583.786 - Y: 4.684.191 (vértice 1) e X: 583.449 - Y: 4.684.214; entre os puntos X: 583.291 - Y: 4.684.240 e X: 583.039 - Y: 4.684.130; entre os puntos X: 582.991 - Y: 4.684.045 e X: 582.929 - Y: 4.683.872; e entre os puntos X: 582.824 - Y: 4.683.809 e X: 581.260 - Y: 4.683.326 (vértice 13 e último, Penedo do Monte Roda).

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se debe seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 17 de xullo de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 24 de xuño de 2024:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC Xestosa e Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencentes á CMVMC da parroquia de Xestosa, e o MVMC A Fenteira, pertencente á CMVMC da parroquia de Puga, no concello de Toén.



Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 2 de xullo de 2024

José Antonio Armada Pérez  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense





ESCALA 1:100000

Límite estimado CMMVVMC de Puga con CMMVVMC de Xestosa = 3,839 km



**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **4 de novembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**X.-** Solicitud de revisión de esbozo dos MVMC "Xestosa", e "Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igresario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2", pertencente á CMMVVMC de Xestosa, no concello de Toén.

O servizo de montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 12 de decembro de 2023 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que o perímetro obxecto de revisión inclúe a totalidade da súa lonxitude, incluídas as extremas con outras comunidades veciñas. De xeito que os seus perímetros quedarían revisados nas extremas con particulares e, no caso do MVMC Xestosa, tamén nas veciñanzas cos MMVVMC O Castro, Coto de Castro (Xinzo das Teixugueiras), Coto de Castro (Teixugueiras), Da Seara e De San Tomé, do T.M. de Cartelle, e máis co MVMC Fragoso do T.M. de Castrelo de Miño.

O Xurado Provincial, de acordo co informe do servizo de montes, aprobou a solicitude de revisión de esbozo.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 18 de novembro de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes dos montes veciñais en man común de Xestosa e de Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, no concello de Toén.*

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do MVMC Xestosa e o MVMC Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencentes á CMVMC da parroquia da Xestosa, no concello de Toén, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 30.9.2022 a CMVMC da parroquia de Xestosa presentou unha solicitude (Rexel núm. 2022/2413044) de revisión de esbozo dos montes da súa pertenza, situados no concello do Toén. Esta solicitude non incluía documentación técnica ningunha referente á proposta en si, senón que foi presentada para os únicos efectos de xustificar administrativamente o remate de traballos correspondente co expediente de axuda núm. 21320662/2021, dentro das axudas ao impulso á boa gobernanza das comunidades de montes.

Segundo. Posteriormente, a mesma comunidade presentou varias solicitudes complementarias da anterior:

- Solicitude do 13.11.2023 (Rexel núm. 2023/3026639), coa que achegaron arquivos xeográficos en formato vectorial coa proposta.
- Solicitude do 30.11.2023 (Rexel núm. 2023/3184576), coa que achegaron unha certificación do acordo da Asemblea Xeral que autoriza a proposta, ademais de novos arquivos xeográficos en formato vectorial lixeiramente modificados respecto da proposta inicial.
- Solicitude do 4.12.2023 (Rexel núm. 2023/3209150), coa que achegaron arquivos xeográficos en formato vectorial adicionais coa poligonal final resultante da proposta.



Terceiro. O Servizo de Montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 5 de decembro de 2023 en relación coa citada solicitude. Nel indícase se indica que o perímetro obxecto de revisión inclúe a totalidade da súa lonxitude, incluídas as estremas con outras comunidades veciñas.

A superficie do MVMC Xestosa, unha vez revisado o esbozo e tendo en conta os procedementos de deslindamento concorrentes coa parroquia de Toén, coa parroquia de Puga e mais con Moreiras e Trelle, sería de 615,05 ha fronte ás 581 ha do acordo de clasificación, o que supón un incremento do 5,9 %.

No que respecta ao MVMC Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, e tendo en conta o deslindamento concorrente coa parroquia de Puga, a superficie pasaría a ser de 52,49 ha fronte ás 39,32 ha do acordo de clasificación, o que supón un incremento do 33,5 %; incremento este anormalmente elevado pero que se explicaría por un balance superficial moi favorable derivado da dita avinza con Puga.

Tendo en conta o anterior, emítase informe favorable sobre a revisión do esbozo do MVMC Xestosa e do MVMC Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, de xeito que os seus perímetros quedarían revisados nas estremas con particulares e, no caso do MVMC Xestosa, tamén nas veciñanzas cos MVMC O Castro, Coto de Castro (Xinzo das Teixugueiras), Coto de Castro (Teixugueiras), da Seara e de San Tomé, do TM de Cartelle, e mais co MVMC Fragoso do TM de Castrelo de Miño.

#### Consideracións legais e técnicas:

Única. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozo de montes veciñais en man común.

De acordo con ela mesma, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándoos e completándoos con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.



De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 5 de decembro de 2023, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 4 de novembro de 2024:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo dos MVMC Xestosa e o MVMC Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Ribeiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2, pertencentes á CMVMC da parroquia da Xestosa, no concello de Toén.


Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 18 de novembro de 2024

José Antonio Armada Pérez  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense




- MVMC "Xestosa"
- MVMC "Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2"
- Liña intermunicipal IGN



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
 SERVIZO DE MONTES DE OURENSE

Proposta de revisión de esbozo dos MMVVMC "Xestosa" e "Pena de Cabras, A Costa, Xenestévez, O Igrexario, Costa do Riveiro, A Costa do Porto da Vila 1 e A Costa do Porto da Vila 2", no T.M. de Toén



ESCALA:  
**1:15000**  
 DATA:  
**Decembro 2023**

Sistema de referencia ETRS89  
 Coordenadas UTM  
 Fuso 29

BASE CARTOGRÁFICA:  
**PNOA 2023**  
 +  
**Catastro**